

## OS MUNDOS DE CHISCO

*Ángel Méndez Sueira*



Se tes orellas de aviador, pois voa.

Se tes tempo para soñar, pois soña.

Se o vermello se toma verde, e o amarelo, laranxa; se o sol verte bágoas e a lúa orballa ledos sorrisos de raios ultravioleta, agóchate!

Se o ceo volta ó chan, e o chan, ó Universo. E se nese Universo levitan os seres animados e os inanimados, ata podería entender os ronquidos do meu gato.

Por certo, non coñeces ó meu gato. É un gato moi especial, camiña de esguello, coma se o perseguira a súa sombra, aínda que as veces penso que é el o que anda na procura das sombras, sempre con ese lombo erguido, a cola ben dereita, sinalando sempre ó Sur, porque a verdade é que as veces penso que perdeu o Norte.

Da voltas sobre si mesmo: unha volta, dúas voltas, tres voltas... Ata que, de súpeto, queda parado, entón move a cola cara ó Sureste, e xira en sentido contrario, e, outra vez, unha volta, dúas voltas...

Chisco!, pero nada. Cheguei a conclusión de que Chisco está xordo ou ten oído selectivo, só escoita o que quere escoitar.

Niso parecese os seres animados; polo tanto, Chisco, o meu gato, é un ser animado, con cola descolocada e a cabeza erguida.

Un día Chisco estivo a falar-me, invitou-me a subir a unha árbore, unha árbore solitaria, no medio dun espeso monte. Camiñabamos por un carreiro cheo de pedras, eu sempre pensara que as pedras eran seres inanimados, duras cabezas sen vida que rodaron dende un volcán prehistórico. De feito, tedes probado a bater coa cabeza contra unha pedra? Pois mellor non probedes, ou, si, porque no Universo as pedras anímanse, abandoan os muros pola noite e xogan o escondite polo día.

Chisco, seguía a sinalar ó Sur, e eu non facía máis que esquivar pedras, meteoritos desorientados que viaxaban sen rumbo, cara o Norte, cara o Sur, cara o...

E dereitiñas a miña cabeza. Naquilo, unha rocha agarimosa acolleunos a Chisco e a min, e levounos nos seu suave lombo ata a árbore solitaria rodeada de árbores amarelas, todas a bailar coma se estivesen celebrando un aniversario.

E é que no Universo, as raíces das árbores, son coma os brazos dos polvos, entrelazanse mareadas, ó igual que os polvos maréanse coas mareas. Ou son as mareas, as que se dormen nos brazos dos polvos coma se dun berce se tratara?

Xa non me lembro moi ben...

Aquelas árbores animadas, sacudían as súas raíces de Sur ó Norte, no mesmo sentido no que se movía a cola de Chisco. Achegábame ás árbores prohibidas e comezáronse a sacudir con máis forza, impedíndome o paso. Era como se a estiveran protexendo de min, do único ser intelixente que habitaba o Universo.

- Chisco!, Chisco!, demo de gato. El e o seu oído selectivo.

Chisco chegara á árbore, e quedou durmido nunha das súas verdes e frondosas pólas. Mirábame de esguello, a cola seguía torta, cunha frecha na punta sinalando ó Sur e pasando de min coma se fora unha célula morta.

E, se a auga se toma en zume, e o leite, en flan de ovo choco!

Non, en flan de ovo choco non, senón sairían pitiños brancos, e a min gústanme os pitos marelos.

Ademais, a Chisco non lle gustan os pitos, sempre van trala nai, e as pitas van sen rumbo, nin ó Norte, nin ó Sur, e a Chisco gústalle o Sur, e non se leva ben coas pitas chocas. Porque as pitas chocas, sempre andan a chocar, por iso van sen rumbo.

- Outras que teñen perdido o Norte!

As veces, Chisco, tiña subido o galiñeiro e relamía os fuciños. Cheguei a pensar que tiña malas intencións, que era un gato torto, pero non, problema de Chisco, e que non atopa o Norte. E de tanto pensar quedáballe a boca seca.

Se tes orellas de aviador, voa!

Aviador é un coello, atopeino por casualidade, dende a xanela da miña habitación. É un coello con adestramento militar. Fai buracos, deceas de buracos, e sempre anda a correr de buraco en buraco. Ás veces fai escalas, e agóchase en estacións intermedias.

Estou agardando a que voe, con esas orellas, Aviador, seguro que sabe voar.

Ó igual con tanto adestramento perdeu o rumbo, e non atopa a pista de despegue. Polo menos Chisco, ten claro onde está o Sur.

Penso entón que Chisco é un gato animado, coa cola descolada, a cabeza perdida, e que ten a pista de despegue enfocada cara o Sur.

-Chiscooooo!

E, se a auga do regato era un feitizo? Volvía a estar no bosque, pelexando coas raíces daquelas árbores tintadas. Suspendido no aire, co meu Universo ó revés.

No aire!...

E se o aire se transforma en vento, e o vento enfurecido do Norte atopa a Chisco?

Non volo dixen ata agora, pero eu sempre souben porque Chisco fuxía do Norte, e é que a el non lle gusta que o vento lle sacudira as orellas. Porque Chisco non sabe voar, el non ten as orellas de Aviador.

De súpeto, foi coma se o Universo se parase.

As árbores amarelas voltáronse laranxas.

- Eu quero ese tipo de acuarela, - pensei. - Ou a pócema que agocha Chisco baixo o rabo.

E que eu teño sospeitado do meu gato. Algo ten que agochar para andar sempre torto, e apuntando o mesmo rumbo sen rumbo.

Sei que algo agochan eses ollos durmidos, sempre tirado polas esquinas, xa sei. Chisco era un gato animado, coa cola descolocada, a cabeza perdida, coa pista de despegue enfocada cara o Sur, e preguiceiro, de certo era un gato preguiceiro, canso e perdido.

Namorado dunha árbore solitaria, rodeada de árbores descoloridas.

Que lle pasa a Chisco?

Cando Chisco baixa da árbore, sempre apunta cara o Sur, camiña torto, mira de esguello, e padece do síndrome de oído selectivo, porque, el oír, oe; seino porque ás veces está a durmir, e algo sinte que esperta dando saltos e voltas. Unha volta, dúas voltas, tres... E volta así mis segundos, acouga, e volta a estremecerse, e a dar voltas. Igual si ten adestramento militar. Igual Chisco é un gato espía escapado dunha base militar rusa.

De feito se achego a miña orella a súa tripa, márcame os segundos, os minutos e ata as horas.

É coma un reloxo animado, coa cola descolocada, a cabeza perdida, o punto de mira no Sur, preguiceiro, canso, perdido e namorado dunha árbore solitaria, rodeada de árbores tintadas. As pitas chocas danlle sede, e os coellos militares escápanse de seguido.

Claro, iso é porque teñen orellas de Aviador.

Chisco non descansa no Universo, porque ten un reloxo na tripa. Ou unha brúxula cun só rumbo. Por iso só durme na árbore solitaria. Porque no Universo, o tempo non é tempo. O Norte e o Sur, xiran na mesma dirección, e o son, non soa, porque só hai silencio.

É verdade, non o dixen, pero Chisco levoume a unha viaxe, onde percorrímos miles de quilómetros amarrados a miña almofada.

Almofada! Lestes ben, almofada. Non escoba, a Chisco non he gustan as escobas, non pode durmir nelas, e o barrer sempre le sacuden o rabo.

E xa sabedes que o rabo de Chisco só barre cara o Sur.

No Universo de Chisco, só se senten os segundos, as horas.. .TIC, TAC. E, de súpeto, ese horripilante son, que me lembra ó despertador.

Por certo, onde irá aquel pequeno e ruidoso despertador, que sempre estaba a remover o Universo?

SE O ESPERTADOR NON SOA, SERÁ QUE QUEDOU DURMIDO.

